

*Exposición ao público da liquidación do padrón pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia e libre concorrência de Muros correspondente ao mes de xuño de 2025*

## **ANUNCIO**

Exposición ao público da liquidación do padrón pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia e libre concorrência de Muros correspondente a o mes de xuño de 2025.

O Concello de Muros expón ao público as listas de contribuíntes da liquidación padrón pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia e libre concorrência de Muros correspondente a o mes de xuño de 2025 e aprobado na Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 9 de xullo de 2025.

As persoas e entidades interesadas poderán presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas no prazo de 15 días, contados desde a publicación deste anuncio no BOP. De non habelas, as listas entenderanse aprobadas definitivamente.

As listas foron elaboradas pola Concello de Muros e están a disposición das persoas interesadas na casa do Concello de Muros, Curro da Praza núm. 1, de luns a venres de 9.00 a 14.00 h.

Este anuncio serve de notificación colectiva a todos os contribuíntes consonte o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e de anuncio de cobranza consonte o artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (Rd 939/2005, do 29 de xullo).

Contra a aprobación definitiva das listas das anteditas taxas municipais, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso administrativo, perante a Xunta de Goberno Local do Concello durante o prazo dun mes que se contará desde que remate o prazo desta exposición ao público (artigo 14 da Lei reguladora das facendas locais (Rd 2/2004, do 5 de maio).

Muros, 14 de xullo de 2025

María Lago Lestón  
Alcaldesa do Concello de Muros